

Estatística de ocupación no turismo rural

METODOLOXÍA

A metodoloxía aplicada na “Estatística de ocupación no turismo rural” incorpora diversos acordos técnicos establecidos polo Instituto Galego de Estatística e o Instituto Nacional de Estadística para investigar a ocupación nos establecementos de turismo rural de Galicia de forma conxunta, materializado trala sinatura dun Convenio de colaboración.

Ademais, esta metodoloxía está dentro do marco metodolóxico común para o estudo da ocupación en todo o territorio nacional, que á súa vez segue as liñas marcadas por Eurostat.

No ano 2005, e de cara a mellora a calidade desta actividade estatística, introdúcense os seguintes cambios:

- Pasa a haber unha nova variable de estratificación que afecta ó calculo das estimacións, dita variable é o grupo do establecemento.
- Desaparecen as variables investigadas reservas a dous e tres meses e introdúcense dúas novas variables, o grao de ocupación por cuartos esperado a dous e tres meses.
- Introdúcese un novo apartado de preguntas relacionadas coa utilización de internet.

1. Obxectivos e utilidades

Os obxectivos da Enquisa son os seguintes:

- Coñecer os fluxos de actividade dos establecementos que proporcionan aloxamento ós viaxeiros.
- Medir o movemento estacional dos clientes nestes establecementos.
- Analizar o grao de ocupación dos establecementos de turismo rural.
- Calcular a duración media das estancias nos devanditos establecementos.
- Estudar a orixe da demanda turística, clasificando os viaxeiros segundo a súa procedencia.
- Coñecer a oferta na Comunidade galega.

As principais utilidades da Enquisa son:

- Ser un indicador socioeconómico de conxuntura, no que respecta á demanda e actividade do sector turístico en Galicia.
- Obter índices sintéticos que avalíen a actividade do sector turístico e permitan realizar previsións da mesma a corto prazo.
- Constituír un dos elementos utilizados na elaboración da Contabilidade Trimestral de Galicia.

2. **Ámbito de investigación**

Ámbito poboacional

A poboación obxecto de investigación está formada por tódolos establecementos de turismo rural de Galicia calquera que sexa o seu grupo (A, B , C e D) e modalidade (pazo, casa de aldea, casas de labranza ...).

O establecemento é tanto a unidade directa de investigación como de análise.

Ámbito xeográfico

O ámbito xeográfico abarca todo o territorio galego.

Ámbito temporal

O ámbito de referencia dos resultados é mensual.

Períodos de referencia da información solicitada

Para cada establecemento tómanse datos referidos a dous períodos de referencia.

Semana de referencia: son sete días seguidos do mes de referencia elixidos aleatoriamente e que varían dun establecemento a outro de tal xeito que entre tódolos establecementos cobren o mes de referencia completo. Este período de referencia utilízase nas variables de demanda segundo procedencia, de cuartos ou aloxamentos ocupados, ocupación esperada, emprego, prezos, tipo de vivenda e modalidade de alugueiro do establecemento.

Mes de referencia: considérase o mes natural do que se queren estimar os datos de ocupación. Este período de referencia solicítase para as variables de total de viaxeiros entrados e de pernoitas, así como para o número de días aberto.

3. **Definicións**

Establecemento de turismo rural: segundo a Lei de Ordenamento e Promoción do Turismo de Galicia, é aquela edificación situada no medio rural que, reunindo características singulares de construción, antigüidade e tipicidade galega, ou que desenvolvendo actividades agropecuarias, prestan servizos de aloxamento turístico mediante prezo. Atendendo a súa singularidade edificativa e valor arquitectónico, clasifícanse en tres grupos:

- Grupo A: Pazos, casas grandes, casas reitorais ...
- Grupo B: Casas de aldea.
- Grupo C: Casas de labranza
- Grupo D: Aldeas de turismo rural

Entre as variables investigadas distínguese entre o **número de establecementos do directorio** e o **número de establecementos abertos** no mes de referencia. A diferenza está en que no primeiro caso indicase o número de establecementos que figuran no directorio da Dirección Xeral de Turismo, mentres que o número de establecementos abertos é estimado a partir da enquisa e indica os establecementos que realmente estiveron a disposición dos viaxeiros cada mes; nesta último caso estanse a ter en conta todos aqueles casos que fan que un establecemento non estea aberto durante o mes (peche de temporada, vacacións, obras, ...).

Tipo de vivenda: os establecementos de turismo rural poden estar estruturados como unha vivenda única ou dividido en unidades de aloxamento independente (casiñas, apartamentos, ...) .

Modalidade de alugueiro da vivenda: os aloxamentos de turismo rural poden adoptar dúas modalidades de alugamento: uso compartido (cando o establecemento se aluga por cuartos) e uso completo (contratación íntegra do inmovible para uso exclusivo do contratante). Poden darse as dúas modalidades á vez no mesmo establecemento.

Prazas: nun establecemento o número de prazas equivale ó número de camas fixas; polo tanto, non se inclúen as camas supletorias e as camas de matrimonio dan lugar a dúas prazas. En definitiva, equivale ó número de persoas que poden pernoitar nas camas instaladas permanentemente no establecemento.

Igual que no caso dos establecementos, entre as variables investigadas distínguese entre o número de prazas de **capacidade estrutural** e **capacidade ofertada**. A diferenza está en que mentres a capacidade estrutural indica o volume de prazas dos establecementos de turismo rural que figura no directorio, a capacidade ofertada é estimada a partir dos datos recollidos e indica o volume de prazas que realmente están a disposición dos viaxeiros cada mes; nesta última variable estanse a ter en conta todos aqueles casos que fan que un establecemento non oferte, durante todo ou parte do mes, a totalidade das súas prazas (peche de temporada, vacacións, obras, ...).

Cama supletoria: enténdese por camas supletorias todas aquelas que non teñan carácter fixo e que non estean incluídas nas prazas declaradas oficialmente que constan no directorio. Os berces contabilízanse como camas supletorias.

Viaxeiro entrado: toda persoa que realiza unha ou máis pernoitas seguidas nun mesmo establecemento e que chegou durante o mes de referencia dos datos. Os viaxeiros clasifícanse segundo o seu país de residencia, e para os residentes en España, segundo a comunidade autónoma onde residen habitualmente.

Pernoita ou praza ocupada: a ocupación por unha persoa dunha o máis prazas ou dunha cama supletoria dentro dunha xornada e nun mesmo establecemento. Isto é, cada noite que un viaxeiro se aloxa nun establecemento. Ó igual que os viaxeiros entrados, as pernoitas clasifícanse segundo o lugar de residencia do viaxeiro.

Grao de ocupación por prazas: cociente entre o total de pernoitas e o produto das prazas ofertadas polo número de días ós que se refiren as pernoitas, incluíndose as camas supletorias utilizadas neses días. Desta definición dedúcese que un establecemento pode ter un grao de ocupación inferior ó 100% e non dispoñer de prazas libres, xa que un cuarto dobre ocupado por unha persoa da lugar a unha soa pernoita, aínda que o ocupante dispoña de dúas prazas. Os resultados exprésanse en porcentaxes.

Cada mes, ademais do grao xeral do mes, tamén se calcula un grao de ocupación por prazas en fin de semana.

Grao de ocupación por cuartos: cociente entre o total de cuartos ocupados e o produto dos cuartos ofertados polo número de días ós que se refiren os cuartos ocupados. Os resultados exprésanse en porcentaxes.

Estancia media: número de días que, por termo medio, permanece un viaxeiro nun establecemento. Calcúlase como o cociente entre as pernoitas realizadas e os viaxeiros entrados.

Grao de ocupación por cuartos esperado a dous e tres meses: porcentaxe de cuartos que se consideran van estar ocupados no segundo e terceiro mes seguintes ó de referencia. Por exemplo, se a enquisa corresponde ó mes de xaneiro, serán os graos de ocupación por cuartos esperados para os meses de marzo e abril.

Persoal ocupado: conxunto das persoas, remuneradas e non remuneradas, que contribúen mediante a achega de traballo, á actividade de aloxamento no establecemento aínda que traballen fóra dos locais do mesmo. O persoal clasifícase por sexo e por tipo de contrato (fixo e eventual).

Utilización de internet: porcentaxe de establecementos que dispoñen de sitio ou páxina web, propia ou non, e dos que a utilizan como medio para a contratación ou para facer publicidade do seu establecemento. Porcentaxe de cuartos ocupados reservados por internet.

4. Deseño mostral

Marco

O marco é o directorio actualizado mes a mes dos establecementos ou casas de turismo rural de Galicia que xestiona a Dirección Xeral de Turismo da Consellería de Innovación e Industria.

Estratificación

Utilízase unha mostraxe estratificada sendo as variables utilizadas para estratificar a poboación provincia e grupo.

Tamaño da mostra

A actividade é exhaustiva a tódolos establecementos incluídos no marco.

Como resultado, en xaneiro de 2005 o número de establecementos investigados ascende a 466.

Distribución dos establecementos no tempo

Co obxecto de que os datos referidos á semana de referencia estivesen igualmente representados, dentro de cada estrato os establecementos a enquisar son distribuídos uniformemente ó longo de todo o mes. Para elo, establecéronse oito díxitos de rotación que indican sete días consecutivos en cada mes e que en conxunto cobren o total de días de cada mes. A cada establecemento da mostra, asígnaselle un destes díxitos de tal xeito que a distribución destes sexa equitativa en cada estrato.

Estimadores

Os totais son sumas de estimadores de razón en cada estrato. A variable auxiliar varía dunha variable a outra.

Para un estrato (grupo) k da provincia j , chamando

E_{jk} = número de establecementos abertos no mes segundo directorio

e_{jk} = número de establecementos que contestan á enquisa semanal

e'_{jk} = número de establecementos que contestan á enquisa mensual

c_{jk} = número de establecementos pechados, dentro do seu período de apertura, na semana de referencia

c'_{jk} = número de establecementos pechados dentro do seu período de apertura, no mes de referencia

P_{ijk} = número de prazas segundo directorio

N'_{ijk} = número de prazas supletorias utilizadas

H_{jk} = número de cuartos segundo directorio

V_{ijk} = número de viaxeiros entrados

VM_{ijk} = número de viaxeiros entrados no total do mes

N_{ijk} = número de prazas ocupadas (pernoitas)

NM_{ijk} = número de prazas ocupadas (pernoitas) no total do mes

A_{ijk} = número de aloxamentos independentes

AB_{ijk} = número de aloxamentos independentes ocupados

B_{ijk} = número de cuartos ocupados en modalidade de uso compartido

BC_{ijk} = número de cuartos ocupados en modalidade de uso completo

T_{ijk} = persoal empregado

ES_{jk} = estancia media

GP_{jk} = grado de ocupación por prazas

GH_{jk} = grado de ocupación por cuartos

D = número de días do mes de referencia (28, 29, 30, 31)

dm_{ijk} = número de días que o establecemento estivo aberto no mes de referencia

GE_{ijk} = grao de ocupación por cuartos esperado durante un mes concreto

AU_{jk} = porcentaxe de establecementos que son vivenda única

AL_{jk} = porcentaxe de establecementos que están divididos en unidades de aloxamento

- LH_{jk} = porcentaxe de establecementos que alugan por modalidade de uso compartido
 LC_{jk} = porcentaxe de establecementos que alugan por modalidade de uso completo
 LA_{jk} = porcentaxe de establecementos que teñen ambas modalidades de alugueiro
 I1_{jk} = porcentaxe de establecementos con sitio/páxina web (propia ou non)
 I2_{jk} = porcentaxe de establecementos que utilizan Internet para contratar os seus servizos
 I3_{jk} = porcentaxe de establecementos que utilizan Internet para dar publicidade ó seu establecemento
 I4_{jk} = porcentaxe de cuartos ocupados reservados a través de Internet

Os estimadores son

Establecementos abertos no mes	$\hat{E}M_{jk} = E_{jk} \cdot \frac{\sum_{i=1}^{e_{jk}} \frac{dm_{ijk}}{D}}{e_{jk} + c_{jk}}$	
Prazas ofertadas	$\hat{P}M_{jk} = \sum_{i=1}^{E_{jk}} P_{ijk} \cdot \frac{\sum_{i=1}^{e_{jk}} P_{ijk} \cdot \frac{dm_{ijk}}{D}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} P_{ijk} + \sum_{i=1}^{c_{jk}} P_{ijk}}$	
Cuartos ofertados	$\hat{H}M_{jk} = \sum_{i=1}^{E_{jk}} H_{ijk} \cdot \frac{\sum_{i=1}^{e_{jk}} H_{ijk} \cdot \frac{dm_{ijk}}{D}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} H_{ijk} + \sum_{i=1}^{c_{jk}} H_{ijk}}$	
Viaxeiros entrados	$\hat{V}M_{jk}^* = \sum_{i=1}^{e_{jk}} VM_{ijk} \cdot \frac{\hat{P}M_{jk}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} P_{ijk} \cdot \frac{dm_{ijk}}{D}}$	
Pernoitas	$\hat{N}M_{jk}^* = \sum_{i=1}^{e_{jk}} NM_{ijk} \cdot \frac{\hat{P}M_{jk}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} P_{ijk} \cdot \frac{dm_{ijk}}{D}}$	
Cuartos ocupados	En uso compartido	$\hat{B}M_{jk} = \sum_{i=1}^{e_{jk}} B_{ijk} \cdot \frac{D}{7} \cdot \frac{\hat{H}M_{jk}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} H_{ijk}}$
	En uso completo	$\hat{B}C M_{jk} = \sum_{i=1}^{e_{jk}} AB_{ijk} \cdot \frac{H_{ij}}{A_{ijk}} \cdot \frac{D}{7} \cdot \frac{\hat{H}M_{jk}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} H_{ijk}}$
	Total	$\hat{B}TM_{jk} = \hat{B}M_{jk} + \hat{B}C M_{jk}$
Prazas supletorias ocupadas	$\hat{N}^*_{jk} = \sum_{i=1}^{e_{jk}} N_{ijk} \cdot \frac{D}{7} \cdot \frac{\hat{P}M_{jk}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} P_{ijk}}$	
Persoal empregado m=situación profesional	$\hat{T}^*_{jkm} = \sum_{i=1}^{e_{jk}} T_{ijkm} \cdot \frac{\hat{P}M_{jk}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} P_{ijk}}$	
Grao de ocupación por prazas	$\hat{G}P^*_{jk} = \frac{\hat{N}M^*_{jk}}{D \cdot \hat{P}M_{jk} + \hat{N}^*_{jk}} \cdot 100 \quad \hat{G}P^*_j = \frac{\sum_k \hat{G}P^*_{jk} \cdot \hat{P}M_{jk}}{\sum_k \hat{P}M_{jk}}$	
Grao de ocupación por cuartos	$\hat{G}H^*_{jk} = \frac{\hat{B}^*_{jk}}{D \cdot \hat{H}M_{jk}} \cdot 100 \quad \hat{G}H^*_j = \frac{\sum_k \hat{G}H^*_{jk} \cdot \hat{H}M_{jk}}{\sum_k \hat{H}M_{jk}}$	

Estancia media	$\hat{ES}^*_{jk} = \frac{\hat{NM}^*_{jk}}{\hat{VM}^*_{jk}}$
Grao de ocupación por cuartos esperado e^m_{jk} : número de establecementos que contestan a enquisa do mes en curso e que van estar abertos por temporada no mes (m) ó que se refira o grao de ocupación esperado.	$\hat{GE}_{jk} = \frac{\sum_{i=1}^{e^m_{jk}} GE_{ijk} \cdot H_{ijk}}{\sum_{i=1}^{e^m_{jk}} H_{ijk}} \quad \hat{GE}^*_j = \frac{\sum_k \hat{GE}_{jk} \cdot \hat{HM}_{jk}}{\sum_k \hat{HM}_{jk}}$
Porcentaxe de establecementos segundo tipo de vivenda	$\hat{Z}_{jk} = \frac{\sum_{i=1}^{e_{jk}} Z_{ijk}}{e_{jk}} \times 100 \quad \hat{Z}^*_j = \frac{\sum_k \hat{Z}_{jk} \cdot \hat{EM}_{jk}}{\sum_k \hat{EM}_{jk}} \quad \text{sendo } Z = AU \text{ ou } AL$
Porcentaxe de establecementos segundo modalidade de alugueiro	$\hat{Y}_{jk} = \frac{\sum_{i=1}^{e_{jk}} Y_{ijk}}{e_{jk}} \times 100 \quad \hat{Y}^*_j = \frac{\sum_k \hat{Y}_{jk} \cdot \hat{EM}_{jk}}{\sum_k \hat{EM}_{jk}} \quad \text{sendo } Z = LH, LC, LA$
Aloxamentos independentes	$\hat{IAM}_j = \frac{e_j}{\sum_{i=1}^{e_j} A_{ij}} \cdot \frac{\hat{EM}_j}{e_j}$
Porcentaxe de establecementos con sitio/páxina web, e dos que utilizan internet para contratación ou publicidade	$\hat{IS}_{jk} = \frac{\sum_{i=1}^{e_{jk}} IS_{ijk}}{e_{jk}} \times 100 \quad \hat{IS}^*_j = \frac{\sum_k \hat{IS}_{jk} \cdot \hat{EM}_{jk}}{\sum_k \hat{EM}_{jk}} \quad S = 1,2,3$
Porcentaxe de cuartos ocupados reservados por internet	$\hat{I4}_{jk} = \frac{\sum_{i=1}^{e_{jk}} I4_{ijk} \cdot B_{ijk}}{\sum_{i=1}^{e_{jk}} B_{ijk}} \quad \hat{I4}^*_j = \frac{\sum_k \hat{I4}_{jk} \cdot \hat{B}^*_{jk}}{\sum_k \hat{B}^*_{jk}}$

5. Recollida da información

Método de recollida

A recollida de datos referentes a un mes realízase ó longo de todo o mes de referencia e durante os 15 primeiros días do mes seguinte.

Os cuestionarios son enviados por correo ordinario ós establecementos e estes deberán devolvelos ó IGE nos 5 días seguintes ó período de referencia.

Cuestionarios

Cada establecemento ten que cubrir dous cuestionarios, un semanal e outro mensual, os dous en bilingüe con formato canadense.

No primeiro solicítanse datos referentes a sete días consecutivos do mes de referencia, días que lle son asignados e indicados no propio cuestionario. Os datos solicitados son: viaxeiros entrados e pernoitas segundo procedencia, cuartos ocupados, ocupación esperada, emprego, prezos, tipo e modalidade de alugueiro da vivenda e utilización de internet.

R:\Datos\OcupTRural\cuestionarios e instruccións\Desde año 2005\TR_05_castellano_gallego.pdf

No mensual recóllense datos do total de viaxeiros entrados e de pernoitas no mes, así como número de días aberto.

[R:\Datos\OcupTRural\cuestionarios e instruccións\ TRM_castellano_galego.pdf](#)

6. Presentación de resultados

Mensualmente o IGE publica información desta enquisa na súa páxina web. Así mesmo, anualmente dentro da publicación “Estatísticas do sector turístico” tamén fai unha difusión dos principais resultados do ano.

A continuación expóñense as principais variables de clasificación empregadas na difusión dos resultados:

Grupo das casas

Os resultados preséntase desagregados por grupos A e D, B e C.

Ámbito xeográfico

Preséntanse a información para o conxunto de Galicia, as catro provincias galegas, e vintedous agrupacións comarcais definidas segundo se detalla a continuación:

Provincia	Agrupación comarcal	Comarca	Concello
A Coruña	A Coruña	A Coruña	Abegondo Arteixo Bergondo Cambre Carral Coruña, A Culleredo Oleiros Sada
	Santiago	Santiago	Ames Boqueixón Brión Santiago de Compostela Teo Val do Dubra Vedra
	A Coruña: Norte	Eume	Cabanas Capela, A Monfero Pontedeume Pontes de García Rodríguez, As
		Ferrol	Ares Cedeira Fene Ferrol Moeche Mugardos Narón Neda San Sadurniño Somozas, As Valdoviño
		Ortegal	Cerdido Mañón Ortigueira Cariño
	A Coruña: Leste	Arzúa	Arzúa Boimorto Pino, O Touro
		Betanzos	Aranga Betanzos Cesuras Coirós Curtis Irixoa Miño Oza dos Ríos Paderne Vilasantar Vilarmaior
		Ordes	Cerceda Frades Mesía Ordes Oroso Tordoia Trazo
		Terra de Melide	Melide Santiso Sobrado Toques
		A Coruña: Oeste	A Barcala
	Bergantiños		Cabana de Bergantiños Carballo Coristanco Laxe Laracha, A Malpica Ponteceso
	Fisterra		Cee Corcubión Dumbría Fisterra Muxía
	Terra de Soneira		Camariñas Vimianzo Zas
	Xallas		Mazaricos Santa Comba
	A Coruña: Suroeste		Barbanza

Provincia	Agrupación comarcal	Comarca	Concello
Lugo	Lugo	Lugo	Castroverde Corgo, O Friol Guntín Lugo Outeiro de Rei Portomarín Rábade
	A Mariña Occidental	A Mariña Occidental	Cervo Xove Ouroi Vicedo, O Viveiro
	A Mariña Central e Terra Chá	A Mariña Central	Alfoz Foz Lourenzá Mondoñedo Valadouro, O Burela
		Terra Chá	Abadín Begonte Castro de Rei Cospeito Xermade Guitiriz Muras Pastoriza, A Vilalba
	A Mariña Oriental	A Mariña Oriental	Barreiros Pontenova, A Ribadeo Trabada
	Lugo: Suroeste	Chantada	Carballedo Chantada Taboada
		Sarria	Incio, O Láncara Paradela Páramo, O Samos Sarria Triacastela
		Terra de Lemos	Bóveda Monforte de Lemos Pantón Pobra do Brollón, A Saviñao, O Sober
		A Ulloa	Antas de Ulla Monterroso Palas de Rei
	Lugo: Leste	Os Ancares	Becerreá Cervantes Navia de Suarna Nogais, As Pedrafita do Cebreiro Baralla
		A Fonsagrada	Baleira Fonsagrada, A Negueira de Muñiz
		Meira	Meira Pol Ribeira de Piquín Riotorto
		Quiroga	Folgoso do Courel Quiroga Ribas de Sil

Provincia	Agrupación comarcal	Comarca	Concello	
Ourense	Ourense	Ourense	Amoeiro Barbadás Coles Esgos Nogueira de Ramuín Ourense Pereiro de Aguiar, O Peroxa, A San Cibrao das Viñas Taboadela Toén Vilamarín	
		Ourense: Oeste	O Carballiño	Beariz Boborás Carballiño, O Irixo, O Maside Piñor Punxín San Amaro San Cristovo de Cea
			O Ribeiro	Arnoia, A Avión Beade Carballeda de Avia Castrelo de Miño Cenlle Cortegada Leiro Melón Ribadavia
			Terra de Celanova	Bola, A Cartelle Celanova Gomesende Merca, A Padrenda Pontedeua Quintela de Leirado Ramirás Verea
	Ourense: Sur	Baixa Limia	Bande Entrimo Lobeira Lobios Muíños	
		A Limia	Baltar Blancos, Os Calvos de Randín Xinzo de Limia Porqueira Rairiz de Veiga Sandiás Sarreaus Trasmiras Vilar de Barrio Vilar de Santos	
		Verín	Castrelo do Val Cualedro Laza Monterrei Oímbra Riós Verín Vilardevós	
		Viana	Gudiña, A Mezquita, A Viana do Bolo Vilariño de Conso	
		Ourense: Norleste	Allariz-Maceda	Allariz Baños de Molgas Xunqueira de Ambía Xunqueira de Espadanedo Maceda Paderne de Allariz
	Terra de Caldelas		Castro Caldelas Montederramo Parada de Sil Teixeira, A	
	Terra de Trives		Chandrexa de Queixa Manzaneda Pobra de Trives, A	

Provincia	Agrupación comarcal	Comarca	Concello	
Pontevedra	Pontevedra	Pontevedra	Barro Campo Lameiro Cotobade Lama, A Pontevedra Poio Ponte Caldelas Vilaboa	
	O Salnés	O Salnés	Cambados Grove, O Meaño Meis Ribadumia Sanxenxo Vilagarcía de Arousa Vilanova de Arousa Illa de Arousa, A	
	Vigo	Vigo	Baiona Fornelos de Montes Gondomar Mos Nigrán Pazos de Borbén Porriño, O Redondela Salceda de Caselas Soutomaior Vigo	
	O Baixo Miño	O Baixo Miño	Guarda, A Oia Rosal, O Tomíño Tui	
	Pontevedra: Interior	Caldas	Caldas de Reis Catoira Cuntis Moraña Portas Ponteceures Valga	
			O Condado	Mondariz Mondariz-Balneario Neves, As Ponteareas Salvaterra de Miño
			Deza	Dozón Agolada Lalín Rodeiro Silleda Vila de Cruces
			A Paradanta	Arbo Cañiza, A Covelo Crecente
			Tabeirós-Terra de Montes	Cerdedo Estrada, A Forcarei
	Morrazo	O Morrazo	Bueu Cangas Marín Moaña	